

## Salvador Company

### OS LÍMITES DA INOCENCIA

-¿Oíches?

-Mmm; ¿o que?

-Iso, os golpes.

-¿Que golpes?

-Eses, ¿non os oes?

-Aquí non son.

-Non. Seica están batendo na porta dos veciños.

-Durme, non debe de ser nada importante.

-¿¡Oíches!?

-¿Pero ti sabe-la hora que é!?

-¿Oíches ou non oíches!?

-Eu nada oín.

-¿E logo? ¿Non os oes bater co machado?

-Sí, pode ser, ¿e que?

-Que se cadra lles pasa algo malo.

-¿E a nós que máis nos ten?

-¿¡Pois que son os nosos veciños! E se a nós...

-E tamén son maiores de idade, ¿non? Pois mira, ¿¡xa se apañarán!

-Non, non se han apañar. É outra vez o mesmo; ¿ou é que non te lembras?

-Claro que me lembro, pero ti non deberías preocuparte por tan pouca cousa, meu amor.

- Veña, durme, que aínda é demasiado cedo.

¿Óense máis berros e máis fortes, o bater de tres portas de coche, como acenden un diesel e o barullo do seu motor afastándose, pero a muller xa non di nada. Dalí a pouco dispárase o espertador. O home érguese, sae da alcoba e tarda un longo anaco en voltar.

Mirándose no espello mentres se afeita, evoca os rostros dos seus anteriores veciños: unha parella de profesores de filosofía duns trinta anos, naturais dunha viliña que se chama Quart de Benborser. Lembra tamén, repasando as meixelas e a parte inferior das queixadas, que a noite que aqueles desapareceron lle preguntou a súa muller se non o oíra; el, medio afundido aínda nun fermoso soño, respondeulle o que, e ela díxolle que uns golpes; uns golpes que, ao primeiro, el non oíra e que despois, cando os oíu, quedaron conformes en que procedían da casa dos veciños e que, mesmamente, viñan uns berros como de forcexo; con todo, como el lle advertiu, aínda era moi cedo para erguerse e, en calquera caso, se lles pasaba algo malo, xa se apañarían como mellor puidesen, ¿non?

A continuación, xa non falaron, pero oíron por enésima vez os berros finais, libres de paredes, entre caídas e golpes; despois os portazos do coche, como acendían o motor e o seu ruído perdéndose cara ás aforas da cidade. Cando voltou ao lavabo, duchado e afeitado, ela díxolle que non podía máis e pediulle que mudasen de barrio ou mesmo de cidade. Antes de rachar en pranto recitoulle o mea culpa dun tal Niem¿F6ller. El accedeu.

Cando, por fin, volta á alcoba, a escuridade faille andar ás apalpadadas ata que chega á fiestra e descobre que detrás da cortina comezou a clarear. Apaña a roupa que está nunha das cadeiras, déixaa sobre a cama e comeza a vestirse: os calzóns, os escaipíns, o pantalón, a camisa, a gravata, as botas, o pesado cinturón, a chaqueta e a gorra. A muller, que parece ter adormecido de novo, respira máis profundamente e acóchase cando el lle dá un bico na testa e déitalle na orella:

- Durme, durme, meu amor.

Cando abre a porta da rúa, ve que se anuncia sobre os tellados un día de radiante primavera. O chófer, que vixiaba fumando á beira da porta posterior do coche, tira o cigarro, saúda e cádrase ao lle dar o bo día e abrírlle.

Mentres o levan pola súa rúa cara a unha avenida con moito tránsito, evoca os rostros dos veciños e repasa os feitos da madrugada coa constatación un pouco indiferente como de quen cadra unha conta allea. Fronte ao semáforo que os separa da avenida, lembra cun sorriso que, desde que eran mozos, o que máis lle gusta da súa muller é a súa inocencia.

(El cel a trossos (Gent de Benborser), Barcelona, Empúries, 2001, pp. 103-105)

## ELS LÍMITS DE LA INNOCÈNCIA

—¿Ho has sentit?

—Mmm; ¿què?

—Això, els colps.

—¿Quins colps?

—Eixos, ¿no els sents?

—No són ací.

—No. Sembla que estiguen colpejant la porta dels veïns.

—Dorm, no deu ser res d'important.

—¿Has sentit!?

—¿Però saps quina hora és!?

—¿Ho has sentit o no!?

—Jo no he sentit res.

—¿I ara?; ¿no els sents destralejar?

—Sí, podria ser, ¿i què?

—Que potser els passa res de dolent.

—¿I a nosaltres què més ens fa?

—Doncs que són els nostres veïns! I si a nosaltres ens...

—I també són majors d'edat, ¿no? Doncs escolta, ja s'ho faran!

—No, no s'ho faran. És una altra volta el mateix; ¿o és que no te'n recordes?

—És clar que me'n recorde, però tu no hauries de preocupar-te per tan poca cosa, reina.

Vinga, va, dorm, que és massa matí encara.

Se senten més crits i més forts, el colp de tres portes de cotxe, com engeguen un dièsel i el soroll del seu motor allunyant-se, però la dona ja no en diu res. A la poca estona es dispara el despertador. L'home s'alça, ix de la cambra i tarda una llarga estona a tornar-hi.

Mirant-se a l'espill mentre s'afaita, evoca els rostres dels seus anteriors veïns: una parella de professors de filosofia pels volts dels trenta naturals d'un poblet que es diu el Quart de Benborser. Recorda també, repassant-se les galtes i la part inferior de les barres, que la nit que aquells desaparegueren li va preguntar la seua dona si no ho havia sentit; ell, mig enfonsat encara en un somni bonic, contestà que què i ella li explicà que uns colps; uns colps que primer ell no sentia i que després, quan els escoltà, van estar d'acord que provenien de la casa dels veïns i que, fins i tot, s'hi sentien uns crits com de forcejament; tanmateix, segons ell li va retraure, encara era molt prompte per a alçar-se i, en qualsevol cas, si els passava res de dolent ja s'ho farien com millor podrien, ¿no? A continuació ja no en parlaren, però van sentir per enèsima volta els crits finals, lliures de

